

ENCONTRO DE EMBARCACIONES TRADICIONAIS DE GALICIA

Guía de análise dos proxectos presentados
para sede

Marzo de 2016



Presentación

Este documento pretende ser unha guía a seguir á hora de redactar e avaliar os proxectos presentados para acoller a celebración dun Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia.

Esta guía non pretende ser un baremo para puntuar os proxectos senón mais ben un documento que recolle as características máis importantes que debe ter un proxecto de acordo coas “Bases” e que serán decisivas á hora de valorar os proxectos á sede dos Encontros, citando tamén cales serán os motivos de exclusión. Decídese non darlle forma de baremo puntuable, xa que existen nesta guía aspectos que non poden ser cuantificables, ou de selo, poderían entrar en contradición coas bases e os seus principios

O presente documento foi redactado, a petición da asemblea, pola Xunta Directiva, e presentado en Asemblea Xeral Ordinaria do 5 de marzo de 2016.

Contidos

1. Motivos de exclusión dos proxectos
2. Localización
3. Criterios de valoración

1. Motivo de exclusión dos proxectos.

Serán excluídos os proxectos que non presenten documentados:

a) O respaldo do Concello, expresado en acordo plenario, que recolla a aceptación das bases, a aportación económica, a súa integración na organización e outras achegas de diverso tipo, conforme recollen as bases no apartado 12.1 e no Anexo II.

b) O respaldo da(s) entidade(s) que xestiona(n) a lámina de auga (12.2), que garanta a acollida digna das embarcacións.

2. Localización.

Coforme o apartado 4º das bases, o EETT terá carácter itinerante, o que prioriza de xeito determinante a súa localización en localidades, e sobre todo zonas, nas que nunca se ten celebrado. Por outro lado, considerarase que se respecta a itinerancia cando a repetición de sede sobarda tres edicións entre a xa celebrada e a do proxecto (oito anos) e unha edición (catro anos) na mesma bisbarra. Pero non se exclúen prazos menores entre unha e outra edición nunha mesma sede no caso de non concorreren outros proxectos.

3. Criterios de valoración.

Entre os seguintes cinco criterios que recollen as bases, consideranse determinantes o 1º e o 3º, a fin de garantir tanto os medios loxísticos imprescindibles como a capacidade organizativa.

1. Calidade do plantexamento loxístico en mar e terra para participantes e visitantes.

Hase considerar se constan ou non os seguintes elementos e a calidade dos mesmos:

1.1 *No mar (embarcacións e navegación):*

- a) Condicións das instalacións e dotacións portuarias: rampas de acceso para as embarcacións; amarres, atraques, fondeos, varadas; guindastre ou travel.
- b) Condicións do acceso para tripulacións e visitantes.

- c) Características da exhibición das embarcacións, visitas guiadas.
- d) Programa provisional de navegación: características dos roteiros; regatas; visibilidade desde terra; saídas ao mar para visitantes; nivel de seguridade; embarcacións e tripulantes de apoio.
- e) Outras propostas de actividades (desfiles, bautismo mar das novas embarcacións...)

1.2 En terra.

- a) No porto: espazos e locais para infraestruturas e dotación para postos, carpas, servizos e actividades diversas.
- b) Outros locais e espazos dispoñibles: características e distancia.
- c) Locais, espazos e dotación para: tripulacións, delegacións, información, mostras, relatorios, concertos...
- d) Manutención para tripulantes e participantes: comedor, cociña e transporte
- e) Aloxamento de tripulantes e participantes gratuíto: baixo cuberta, acampada e servizos necesarios; estacionamentos de coches e remolques; distancias, accesibilidade, transporte.
- f) Acollida dos visitantes: estacionamentos, circulación de vehículos e desprazamento peonil; infraestrutura hostaleira e transporte.

2. Calidade das actividades propostas.

Propostas ou achegas locais de actividades culturais e de lecer vinculadas ao patrimonio, festivas e de lecer; gratúitas ou non

- a) Obradoiros, exposicións, artesanía...
- b) Manifestacións artísticas: música, teatro, cinema, recitais...
- c) Publicacións
- d) Actividades de coñecemento da contorna (visitas guiadas...)
- e) Proposta de xornadas técnicas ou semellante
- f) Engalanamento espazo portuario e vila
- g) Estratexias comunicativas.

3. Garantía na organización e implicación de colectivos, asociacións e entidades da comarca.

- a) Entidade ou entidades locais responsables do proxecto: experiencia
- b) Colaboradores: entidades públicas, privadas e particulares; papel concreto de cada un.
- c) Voluntariado: estratexia de captación; listaxe colectivos ou persoas; distribución das tarefas: atención de tripulantes, embarcacións, visitantes e actividades.
- d) Plan de implicación da veciñanza.

4.Singularidade, concepción e grao de innovación do proxecto.

- a) Valores e activos da sede e contorna vinculados á cultura marítima (inserimento no programa)
- b) Outros valores e activos patrimoniais (inserimento no programa)
- c) Elementos singulares que caracterizan e diferencian a edición e vertebran o programa
- d) Elementos innovadores

5.Apoios económicos e materiais locais e comarcais:

- a) Do Concello (véxase anexo II das bases): achega económica; achegas loxísticas, dotacionais e de recursos humanos; achega de actividades.
- b) Aportacións económicas e materiais de empresas
- c) Aportacións económicas e materiais doutras entidades
- d) Estratexia ou listaxe doutras potenciais fontes de financiamento.

CODA: Desde a presentación en prazo do proxecto ata a celebración da asemblea decisoria da sede, os responsables dos proxectos poderán achegar información adicional, sexa por propia iniciativa, sexa a requirimento da Xunta Directiva ou de calquera asociación.